


ALTA NA PLATAFORMA DO CENTRO (CENTROS NET)

Imos á páxina web do Centro www.cmusprofesionalcoruna.es/ e no **INICIO** picamos en  .
Podemos tamén usar a seguinte dirección de enlace:

<https://www.informaticacentros.com/centrosnet/ultrallogin.php?tcentro=CMU¢ro=C00>



Usuario: introduciremos o usuario / expediente do/a alumno/a (aparece no carné que se da ao formalizar a matrícula – 2019XXXX).


Contrasinal: poremos o número do DNI do/a alumno/a sen a letra. No caso de non ter DNI porase a data de nacemento **DDMMAAAA**, sendo **D** para o día, **M** para o mes e **A** para o ano.

O seguinte paso será darlle a **ENTRAR** e apareceranos a seguinte ventá solicitando:




1. A creación dun novo contrasinal de acceso de 6 a 10 caracteres.
2. Repetiremos o contrasinal do punto 1.
3. Unha dirección de correo que por defecto porá a que se nos facilitou no proceso de inscrición. Este correo pódese cambiar, xa que soamente será para poder xerar un novo contrasinal en caso de esquecemento.
4. Neste último paso picaremos en **ENVIAR**.

Nuns segundos recibiremos un correo de **DIAL SL** no que nos solicitarán a **ACTIVACIÓN DO CONTRASINAL**. Unha vez activado xa poderemos acceder ao expediente do/a alumno/a desde  .
Introduciremos o USUARIO, o CONTRASINAL e o CONTRASINAL PERSOAL XERADO.



tamén está dispoñible para instalar no móbil e na tablet (mensaxes e avisos, horarios e aulas, faltas de asistencia, cualificacións e historial). Unha vez instalada só nos queda poñer o Centro de estudos, o número de expediente e o contrasinal persoal do/a alumno/a.



O contrasinal seguro xerado polos/as usuarios/as terá unha validez de 365 días.
O novo alumnado do Centro non poderá realizar a alta en Centros Net ata mediados de OCTUBRE.